

DE ASSIFS E OUADS


Argimiro Ríos

Revexo as condicións climatolóxicas nas que nos imos a mover estes meses de xullo un pequeno grupo de artabrados no macizo do Mgoum, no Alto Atlas marroquí. Na vertente sur que mira cara o deserto do Sahara daranse os datos máis extremos: temperatura entre 40 y 50 graos a mediodía, escaseza de nubes, sequidade máxima con só un 10 % de humidade, grande luminosidade e vento constante e seco nas alturas.

Repaso o dicionario de bereber: *assif* = rego de auga que nace nas montañas do Atlas e escorrega formando barrancos entre grandes paredes; *ouad* = río ou regato de máis ou menos caudal que as veces pode secarse, feito que de seguro lles sucede a aqueles que van cara ao deserto.

Sobre o mapa deseñamos o percorrido que nos permitirá atravesar o segundo macizo en altura do Atlas, combinando a subida ao pico máis alto, o Mgoum con 4068 m. con ascensos e descensos acuáticos por grandes barrancos do Atlas. Estar en contacto coa auga en moitas etapas atenuará o efecto da alta temperatura. Entraremos polo noroeste (vertente atlántica) para saír polo sureste (vertente do Sahara) en oito emocionantes e cansadas xornadas.

Sáimos do val de Ait Bou Guemez no que contratamos tres mulas que levarán as tendas, as nosas impedimentas e as ceas e almozos de tres ou catro días, pois nos restantes nos apañaremos negociando coas tribus bereberes as típicas comidas de tajíns e cous-cous. Nas dúas primeiras xornadas afacémonos ao clima. Levamos entre tres e catro litros de auga por persoa, suficientes para beber cada vinte ou trinta minutos para atenuar o efecto de




Nadando na poza da cuarta fervenza

pastosidade na boca que provoca a extrema sequidade. Pola mesma causa a roupa lavada seca en só dúas horas, case non se necesitan mudas. As gafas de sol da máxima protección, o sombreiro, as cremas solares e os tecidos lixeiros son de capital importancia para protexerse da alta luminosidade e radiación.

Ao remate do segundo día atopámonos á entrada das "Gorges du Wandrass", un xigantesco desfiladeiro que imos percorrer en sentido ascendente entre paredes que acadan os 800 m de altura e que supón o reto máis grande deste itinerario. No seu leito bule o assif Tessault. O río nace nas chairas de Terkedit ao pé do

Na estreitura ondulada



Mogoum e aos poucos metros afúndese entre caos de rochas desprendidas desde as alturas. O paso do rego fai unha fenda extremadamente angosta e profunda ao longo de dez quilómetros. A única información que dispoño, dunha editorial xa desaparecida, sinala que no ascenso atoparemos nove fervezas das que as difíciles son a cuarta, que hai que atravesar polo seu cadoiro, con moito coidado xa que a corrente te pode arrastrar, e a escaládoa pola marxe dereita e a oitava, que só se pode superar en escalada moi exposta pola marxe esquerda ata acadar unha terraza superior. En internet só atopo unha descrición en inglés, que é todo un exemplo de como desanimar, xa que indica que nin unha corda de 60 m. abondará para superar a dificultade, que o racional é ver os dous ou tres primeiros saltos e logo desandar o camiño.

No val de Bou Guemez onde comecemos a andaina, informáronnos que noutroa había tres guías diplomados pola Escola de Alta montaña de Chamonix, pero na

actualidade non están dispoñíbeis, se cadra por estar emigrados. De feito, aseguran, non hai ningún guía capacitado en toda a provincia para ascender esta colosal gorxa.


Sen embargo, a experiencia de moitos anos de facer montaña, dinos que un montañeiro xamais se debe retirar sen intentalo, que a montaña ten o súa propia linguaxe, que cando non quere que a subas vaiche dar unhas sinais inequívocas, e que cando as de, entón si será o momento de retirarse, non antes.

Porén o terceiro día, coas nosas botas vellas, necesarias para unha xornada acuática, estamos as sete da mañá á entrada da xigantesca e descoñecida gorxa. A primeira ferveza supérase por unha cornixa elevada e algo exposta, a segunda por unhas pedras que os pastores puxeron a modo de escaleira apoiándose nun tronco e a terceira por unha vira lateral. A cuarta marca o final do percorrido asequíbel. Ata alí chegan os rabaños de

cabras, non poden subir as verticais paredes laterais e amais nos adoitán nadar. Métome na poza para cruzala en sentido lonxitudinal ata o mesmo chorro. Non ten rápidos como sinalaba a información pero ao pouco de meterme nela perdo pé. Hai que nadar varios largos para acadar a parede próxima á ferveza. Logo uns 15 metros de escalada con pasos de terceiro, pero coa parede mollada e escorregadiza polo verdín que produce a caída de infinitas gotas de auga. A corda fai a súa función detendo a Xoan Carlos, que escala con botas sen solas, xa que a acción abrasiva da auga despegoulle as gomas ao comezo da foz.

Pasamos polo corazón do filadeiro con paredes cada vez máis altas. As cores van do crema ao vermello pasando polo encarnado e as veces da cor do viño tinto, primando os tons cálidos polos efectos dos óxidos ferruxinosos. As paredes de pedra calcaria lémbrenme, polas súas tonalidades, ás gorxas dos Montes Universais nas que prima o rodено, un conglomerado

A oitava ferveza



CAFETERIA

Elite


CERVECERIA
COMIDAS

C/ Zalaeta, 24
Telf: 981 21 38 57
15002 A Coruña



Escalando a parede da oitava ferverza

As Gorges du Wandrass desde os altos de Terkedit



ata acadala. Trepamos os primeiros 45 m. e aseguramos os derradeiros 25 m., que con pasos de cuarto, supoñen un reto para a adherencia das nosas botas, empapadas despois de sete horas de ascenso acuático. Ana, cando da superado a dificultade, bota un sorriso de incredulidade acompañado de admiración ante o espectáculo visual que se pode ollar desde a elevada cornixa.

Moi ledos pola consecución dos obxectivos chegamos ao refuxio de Terkedit, ao pé do Mgoom mollados e co posto, xa que os muleiros quedaron agardando coas tendas e con todo o noso equipaxe á entrada do desfiladeiro, agardando a máis que probable retirada.

Aínda nos quedaron outras cinco intensas etapas, subindo ao Mgoom, baixando polo assif Ulimlit, con días nos que houbo que cruzar o rego máis dun cento de veces, ou percorrendo as foces de Tougart onde o assif estreítase tanto que pasa entre paredes verticais separadas por só uns dous metros. Rematamos no casarello de Aguerzaca, xa mirando cara ao deserto, lugar no que tres dos catro participantes, deixamos as botas vellas, descosidas e decoridas, en proba das moitas pedras pisadas e rápidos superados nos leitos dos assifs e ouads do Atlas.

Participantes: Ana Fernández, Cruz López, Xoan Carlos Rico e Arximiro Ríos

roxo da familia das areniscas. Cruz avísanos da presenza de arcos pétreos que, colgados dos cantís a modo de ollos de boi, asexan o noso paso. As formas esculpidas nas paredes do tramo final semellan ser as ondas dun peiteado da perruca dun rei francés do XVIII. A sétima cachoeira ou salto é un rosario de cores.

Chegamos a oitava ferverza, a imposible, o caño de auga cae dende moi alto entre paredes

estreitas e lisas. Un par de fotos e nos poñemos a buscar, un cento de metros máis atrás o paso que nos permita salvar as altísimas paredes. Identificamos a faixa á que hai que subir, é unha especie de repisa continua como as que hai en nalgúns parques nacionais de Pirineos. Hai que superar máis de 70 m. de verticalidade

No refuxio de Tilibit-n-Terkedit

